241/160.13	Fomento do emprego. Seguridade Social persoal directivo, docente e administrativo OE Terras de Iria. MÓDULO A	18.865,98 €
	<b>TOTAL</b>	<b>70.752,00 €</b>

## Estado de Gastos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
241/226.13	Fomento do emprego. Gastos diversos. Gastos de funcionamento e xestión do OE Terras de Iria. MÓDULO B	19.430,40 €
	<b>TOTAL</b>	<b>19.430,40 €</b>

## Estado de Ingresos

Partida	Denominación	Importe
450.99	Outras subvencións correntes da Administración Xeral da CCAA. OE Terras de Iria	195.435,24 €
	<b>TOTAL</b>	<b>195.435,24 €</b>

**Segundo:** Notificar o presente acordo aos interesados coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro:** Dar traslado á Intervención Municipal aos efectos das súas implicacións contables.

**Cuarto:** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 15 de novembro de 2013.



Alcalde

Assdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min, a Secretaria,

Assdo. Ana María Ares Álvarez.



# Padrón

Excmo. Concello de Padrón

Rúa Longa 27  
15900 - Padrón (A Coruña)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfno.: 981810451  
Fax: 981811550

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 736/2013

Visto o escrito presentado o 8 de novembro do 2013, número de rexistro de entrada 8911, por don Camilo Forján Seoane, en representación do PSdeG-PSOE e membro da Corporación Municipal de Padrón, no que solicita copia da memoria anual (2012) dos distintos servizos/áreas do departamento de servizos sociais, e

Considerando o disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 14 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Outorgar a don Camilo Forján Seoane, copia da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios correspondentes ao exercicio 2012, quen poderá recollelas nas oficinas municipais de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e os sábados de 9:00 a 13:00 horas.

**Segundo.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á via administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 15 de novembro de 2013

O Alcalde  
  
Asdo. Antonio Fernández Angueira.

Ante min  
A secretaria,  
  
Asdo. Ana María Ares Álvarez.



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

Rúa Longa, 27  
15900 Padrón (A Coruña)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfno: 981810451  
Fax: 981811550

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 737/2013

Visto o escrito presentado o 2 de novembro de 2013, número de rexistro de entrada 8694, por don Eloy Rodríguez Carbia, en representación da CIPa e membro da Corporación Municipal de Padrón, no que solicita copia de datos estatísticos sobre o establecemento de programas municipais de servizos sociais, e

Considerando o disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 14 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,


### RESOLVO:

**Primeiro.** Outorgar a don Eloy Rodríguez Carbia copia da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais comunitarios correspondentes ao exercicio 2012, que poderá recollela nas oficinas municipais de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e os sábados de 9:00 a 13:00 horas.

**Segundo.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Cuarto.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 15 de novembro de 2013.



O alcalde,

Asdo. Antonio Fernández Angueira.



Ante min,  
A secretaria,

Asdo. Ana María Ares Álvarez.

# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

**RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 738 /2013**

#### **Antecedentes administrativos.**

**Primeiro.** O 1 de outubro de 2013, comunicaselle o Concello de Padrón a RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TERRAS DE IRIA", núm. de expediente 15/0011/2013, por un importe de 195.435,24 euros

**Segundo.** Nas datas comprendidas entre o 9 de setembro e o 22 de outubro realízase o proceso de selección do alumnado-traballador e do persoal directivo e de apoio no que se atopa o posto de **Mestre de Instalacións e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes** o que son candidatos os seguintes:

VIDAL IGLESIAS FRANCISCO

GRANDIO RODRIGUEZ LAURA

PEREZ PAIS XOSE

VIDAL ARNEJO GONZALEZ

e unha vez valorada a entrevista e a documentación aportada polos candidatos, obtiveronse as puntuacións seguintes:

VIDAL IGLESIAS FRANCISCO: 15,07

GRANDIO RODRIGUEZ LAURA: 11,00

PEREZ PAIS XOSE: 9,25

VIDAL ARNEJO GONZALEZ: 3,50

**Terceiro.** O día 25 de outubro contratase como **Mestre de Instalacións e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes** e dase de alta na S.S. a **Vidal Iglesias Francisco**

**Cuarto.** O 8 de novembro o **Mestre de Instalacións e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes**, presenta baixa voluntaria polo que se contacta coa seguinte candidata, por puntuación obtida, no proceso de selección "Dona Laura Grandio Rodriguez"

#### **Fundamentos de dereito.**

**Primeiro.** Tendo en conta as competencias atribuídas ao Alcalde no artigo 21.1.s da ley 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **RESOLVO**

**Primeiro.** Contratar a **Dona Laura Grandio Rodriguez**, como **Mestre de Instalacións e Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes** no Obradoiro de Emprego, Terras de Iria, dende o día 12 de novembro ata a finalización do mesmo

**Segundo.** A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da recepción da notificación presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.



**Terceiro.** Comunicar a presente resolución ao departamento de Intervención e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.


Padrón, 11 de novembro de 2013

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min  
A secretaria



Asdo. Ana María Los Álvarez



# Padrón

**Excmo. Concello de Padrón**

Rúa Longa 27  
15900 - Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno.: 981810451

Fax: 981811550

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚM. 739/2013

Visto o escrito presentado o 14 de novembro do 2013, número de rexistro de entrada 9045, por don José Rey Rodríguez, en representación do PSdeG-PSOE e membro da Corporación Municipal de Padrón, no que solicita ter acceso ao expediente de contratación da obra "Acondicionamento e reforma da praza pública na Escravitude", e

Considerando o disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local e 14 do Real decreto 2568/1986, de 26 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais,


### RESOLVO:

**Primeiro.** Acceder ao solicitado por don José Rey Rodríguez e, en consecuencia, poñer á súa disposición o devandito expediente, que poderá consultalo en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, e os sábados de 9:00 a 13:00 horas, durante un período de 10 días hábiles contados desde a notificación da presente.

**Segundo.** Notificar a presente resolución ao interesado coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderá interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Padrón, 18 de novembro de 2013

O Alcalde  
  
Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min  
A secretaria,  
  
Asdo. Ana María Ares Álvarez.





# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

Rúa Longa 27  
15900 - Padrón (A Coruña)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfno: 981810451  
Fax: 981811550

## DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 740/2013.

De acordo co disposto no artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, e de conformidade coa Resolución deste Alcalde número 560/2011, do 27 de xullo,

### ACORDO:

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da Comisión de Coordinación Municipal que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o día **21 de novembro do 2013 (xoves) ás 11:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior realizada o 7 de novembro de 2013.
- 2.- Convenio liga fútbol sala "Terras de Iria" 2013-2014.
- 3.- Subvencións a concellos para o desenvolvemento de Servizos Sociais para o 2014.
- 4.- Actos programados con motivo da celebración do Día Internacional de loita contra a violencia de xénero.
- 5.- Servizo "Xantar na casa".
- 6.- Actividades de Nadal.
- 7.- Rogos e preguntas.

**Segundo.** Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Comisión de Coordinación Municipal, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 18 de novembro do 2013

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min

Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez.



# Padrón

**Exmo. Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

## **RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 741/2013.**

### **Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Por Resolución do señor Alcalde número 653/2013, do 10 de outubro, aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección número 18/2013-SPLT mediante o sistema de concurso-oposición para a provisión dun posto de traballo de profesora ou profesor de trompeta na Escola de Música do Concello de Padrón durante o curso 2013-2014, e convocouse o procedemento.

Segundo. A convocatoria fíxose pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña 196 do 15 de outubro do 2013, na páxina web do Concello [www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello. Asemade as bases aprobadas publicáronse na páxina web e no Taboleiro de Anuncios.

Terceiro. Rematado o prazo de presentación de instancias o 23 de outubro do 2013, constan presentadas 4 e por Resolución número 703/2013, do 4 de novembro, apróbbase a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas e outorgaselles a estas últimas un prazo de 4 días hábiles para enmendar os erros ou os defectos na documentación presentada, o que se fixo público mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo o 4 de novembro do 2013.

Cuarto. Rematado o prazo de subsanación, por Resolución 721/2013, do 11 de novembro, aprobouse a lista definitiva; fíxose a data, hora e lugar de realización da única proba da fase de oposición; e nomeouse ás persoas integrantes do Tribunal, todo o cal fíxose público mediante anuncio insertado no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo o 11 de novembro do 2013.

Quinto. Realizada a valoración dos meritos e a proba da oposición, o 15 de novembro do 2013 o Tribunal cualificador formula proposta de nomeamento a favor da persoa que obtivo a maior puntuación e o mesmo día publícase esta no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. A base 16.1 das que rexen este proceso selectivo, establece que de acordo á proposta formulada polo Tribunal, o órgano competente nomeará persoal laboral temporal do Concello de Padrón á persoa que obtivera a maior puntuación no proceso, o que se fará público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo, e engade na 16.2 que no prazo máximo de dous (2) días hábiles, contados desde o día de inserción do anterior anuncio, as persoa nomeada deberá presentar o documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente e a tarxeta de Seguridade Social, de selo caso, para os efectos da sinatura do correspondente contrato laboral.

Segundo. O artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe ao Alcalde a competencia para o nomeamento do persoal, pero esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Terceiro. Considerando a urxencia na convocatoria deste procedemento de selección dado que a Escola de Música iniciou o curso o 1 de outubro de 2013, e considerando que o artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, recolle que "*Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente*",

### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer o posto de traballo de profesor de trompeta na Escola de Música do Concello de Padrón durante o curso 2013-2014

**Segundo.** Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a don **Santiago Gómez Fuentes, con documento nacional de identidade 44088761S**, ao ter obtido a maior puntuación no procedemento de selección convocado por Resolución 653/2013, do 10 de outubro, para a provisión do posto de traballo de profesora ou profesor de trompeta na Escola de Música do Concello de Padrón durante o curso 2013-2014, expte. número 18/2013-SPLT.

**Terceiro.** Establecer, na orde na que se relacionan, a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que todos ou algún dos aspirantes aprobados non cheguen a tomar posesión, tal e como prevé a base 16.3, e a bolsa de emprego prevista na base 17:

NUM. ORDE	APELIDOS E NOME
1	GARCIA ROJO, MIGUEL ANGEL

**Cuarto.** Formalizar coa persoa seleccionada o correspondente contrato laboral de catro horas á semana, en horario de tarde de luns a venres e de mañán os sabados, coa categoría de docente na Escola de Música do Concello de Padrón na especialidade de trompeta durante o curso escolar 2013/2014, dende a sinatura do contrato ata a finalización deste curso que previsiblemente terá lugar o 30 de xuño de 2014, previa presentación por parte das mesmas da seguinte documentación no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a última publicación:


- Copia compulsada ou orixinal do documento nacional de identidade ou pasaporte ou tarxeta de residente.
- Copia compulsada ou orixinal da tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.


**Quinto.** Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

**Sexto.** A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sétimo.** Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 18 de novembro do 2013

O Alcalde  
  
Asdo. Antonio Fernandez Angueira

Ante min  
A secretaria  
  
Asdo. Ana María Ares Alvarez



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

## RESOLUCIÓN DO ALCALDE 742 /2013

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:

**Primeiro.** En data 29 de outubro de 2012 a Policía Local do Concello informa no seu parte de novidades sobre unha inspección realizada na mesma data no lugar de Angueira de Suso sobre o pintado dunhas pedras ou mojones fronte a unha finca da súa propiedade, reflectindo que os datos das persoas responsables que estaban a levar a cabo o pintado eran D<sup>a</sup> CARMEN GONZÁLEZ SÁNCHEZ e D. ÁNGEL COVELO GARCÍA, e adxuntando fotografías.

**Segundo.** En data 27 de maio de 2013 o alcalde emite providencia para os servizos técnicos de urbanismo no que dispón que se informe sobre o peche localizado na parcela 797, polígono 503, no Lugar de Angueira de Suso, Cruces, se conta con licenza municipal, que se represente a superficie de cesión e se comprobe a existencia de pedras nesta superficie, fixando o valor dos traballos de retirada das citadas pedras.

**Terceiro.** En data 19 de xuño de 2013 o arquitecto técnico municipal D. Francisco Ferro González informa a providencia referida, adxuntando copia de cartografía catastral, copia do planeamento e plano de superficie de cesións da parcela referida, así coma copia da licenza municipal de obras de data 13 de decembro do 2004, de construción do muro de peche na citada parcela.

**Cuarto.** En data 17 de xullo de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo Juan Molares Agrelo redacta informe xurídico sobre o procedemento administrativo a seguir no tocante ás citadas pedras.

**Quinto.** En data 30 de xullo de 2013 emítase a resolución 497/2013, pola que se resolve ditar orde de execución para a retirada das devanditas pedras.

**Sexto.** En data 14 de agosto de 2013 ten entrada no Concello, con número de rexistro 6622, escrito de alegacións da interesada.

**Sétimo.** En data 31 de outubro de 2013 o asesor xurídico en materia de urbanismo emite informe sobre as alegacións presentadas.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO.

**Primeiro.** Procede neste punto responder ao escrito de alegacións presentado e ditar resolución que poña fin ao procedemento.

Refire en esencia a primeira das alegacións que a resolución non se manifesta respecto a que supostamente as pedras levan colocadas moito tempo. En concreto a alegante refire *"Llama poderosamente la atención que el informe de la policía local manifieste que los mojones están colocados hace mucho tiempo, antes de la licencia municipal de cierre"*.

Neste senso, e coma se pon de manifesto na transcripción do informe da policía local que a mesma alegante efectúa, se ben efectivamente se menciona que as pedras foron "colocadas hace mucho tiempo al lado del camino público", non se fai referencia algunha a que tal colocación tivese lugar antes do outorgamento da licenza municipal de peche.

Asimesmo, se manifesta que do informe da Policía Local se deduce que o motivo da inspección foi porque un veciño estaba facendo unha obra sen permiso, referíndose a continuación que o pintado dunhas pedras non ten a consideración de obra e polo tanto non está dentro dos actos sometidos a licenza.

En todo caso tales aseveracións resultan irrelevantes. O parte de incidencias da Policía Local indica o

motivo do desprazamento dos axentes, non califica os feitos. A patrulla da Policía Local acode ao lugar e verifica que se está procedendo ao pintado dunhas pedras colocadas na beira do vial, identificando aos autores. Non realiza ningunha consideración sobre se os feitos son constitutivos dunha infracción urbanística ou de calquera outro tipo. De feito a resolución fronte á que se interpón o escrito de alegacións non refire en momento algún que se levasen a cabo obras sen licenza nin adoita medida algunha de restauración da legalidade urbanística, senón que dispón a retirada duns elementos que están ocupando de forma ilexítima un espazo de dominio público. Polo tanto a alegación non pode ter acollida por non se referir ao obxecto da resolución impugnada.

**Segundo.** A segunda das alegacións plantexadas incide en que non se levou a cabo acto de cesión algún, opoñéndose a que polos técnicos municipais se represente a superficie de cesión obrigatoria. De acordo co informe sobre as alegacións, entendemo que esta alegación se refire ao plano ces 01 que figura adxunto ao informe técnico municipal de data 19 de xuño de 2013.

Pois ben, no propio tenor literal da resolución obxecto das alegacións se refire que por parte da interesada non se formalizou a cesión dos terreos da forma establecida pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A postura exposta na resolución sen embargo é clara neste respecto. O artigo 171 da mencionada lei 9/2002 establece:

*“Sistema de cesión de viais:*

*O sistema de cesión de viais en solo de núcleo rural se aplicará conforme as seguintes regras:*

*a) Os propietarios deberán ceder ao municipio os terreos destinados polo planeamento a viais, fóra das aliñacións, que resulten necesarios para que a parcela sexa edificable con arreglo ás determinacións da presente lei e do planeamento.*

*b) O Cumprimento efectivo do deber de cesión terá lugar coa solicitude de licenza. Esta cesión formalizaráse en documento público, acompañado de plano ou documento gráfico onde se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme as aliñacións establecidas.”*

Como é de ver no tenor literal da norma, se establece un deber de cesión para os propietarios de solo de núcleo rural dos terreos destinados a viais. Os suxeitos deste deber, reiteramos, son os propietarios, e polo tanto a eles lles corresponde a carga de formalizar unha cesión que ven imposta pola propia normativa urbanística. É dicir, a adquisición da cualidade de ben de dominio público, afecto a un uso común, coma é no caso das superficies afectas a viais, non nace cando o propietario formaliza tal cesión, senón que ven disposta pola lei, e ten lugar coa solicitude de licenza. Nese momento, reiteramos, conforme refire textualmente a norma, ten lugar a cesión, que o outorgamento posterior da licenza simplemente ratifica e dota de eficacia.

Doutro xeito, **o que ven a plantexar a alegante, é, recoñecendo expresamente que se procedeu pola súa parte ao incumprimento dun deber imposto legalmente, pretender resultar beneficiada por tal incumprimento, e polo tanto resultar eximida de tal deber dado que ela mesma non cumpriu coas formalidades establecidas pola norma.** Non se pode admitir tal extremo, resultando evidente á luz da propia normativa que a posta a disposición da administración da superficie afecta, reiteramos, por un deber imposto legalmente, ten lugar coa solicitude de licenza municipal. E o feito de que por parte da administración non se procedese a reclamar o cumprimento de tal obriga non pode lexitimar o recoñecido incumprimento de tal deber, xenerando unha situación anómala na que resulta beneficiado aquel que incumpre a norma fronte aos que na mesma situación se atañen á mesma.

Nin a lei 9/2002, nin o regulamento de disciplina urbanística, atribúen ao Concello capacidade de intervención na cesión, que o interesado debe formalizar. A única intervención do Concello prevista na lei



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

resulta ser a comparecencia para aceptar tal cesión. Pero a responsabilidade da formalización do cumprimento do deber legal de cesión corresponde segundo o tenor literal da norma ao solicitante, e resulta evidente que a consecuencia do incumprimento dun deber imposto legalmente non pode supor a eximencia do cumprimento de tal deber. Deste xeito, o referido nas alegacións no tocante a que non se formalizou a cesión de terreos non priva de eficacia a un deber imposto na normativa urbanística de aplicación.

Polo tanto, resulta procedente que o técnico municipal no seu informe represente a superficie que en virtude do deber de cesión do artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pasou a ser de dominio público e polo tanto sometida ao uso común, sen ser susceptible de uso privativo, independentemente de que, debido unha vez máis ao incumprimento do deber legal de formalizar a cesión, non se teña modificado nin a superficie catastral nin rexistral. Polo tanto, a resolución obxecto das alegacións reconece que a cesión non se formalizou cos requisitos da LOUG, pero esta ausencia de formalización e este incumprimento non priva de eficacia á mesma, xa que tal cesión ven establecida legalmente.

Neste senso, o técnico municipal responde á providencia de alcaldía ao representar a superficie que conforme o disposto no artigo 171 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, pasou a ter a consideración de ben de dominio público, superficie que é precisamente onde se ubican as pedras obxecto da orde de execución.

**Terceiro.** Incide a alegante no correlativo do seu escrito en que o soterramento das pedras, que ven a denominar tivo lugar "en tiempos inmemoriales", afirmación que ven reiterando ao longo do seu escrito. Asimesmo no mesmo expositivo concreta ata certo punto tal afirmación referindo que o soterramento acaeceu "hace decenas de años". A alegante afirma que o tempo transcorrido dende tales feitos impide a apertura de expediente algún ao respecto.

Semella confundir a alegante a trascendencia da data do soterramento das pedras, soterramento do cal, debemos destacar, non se alega nada respecto á súa autoría, polo que debemos considerar que foi levado a cabo pola alegante. **Nembargantes, non estamos a falar no presente caso, unha vez máis, dunha acción de restauración da legalidade urbanística, senón que a orde de execución se dirixe a impedir un uso privativo non autorizado dunha superficie vencellada a un vial e polo tanto sometido á dispoñibilidade pública e polo tanto ao réxime dos bens integrantes do patrimonio das administracións públicas, e obxecto dun uso común nos termos do disposto no artigo 85 da lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.**

Esta actividade impeditiva do uso común da superficie na que se soterran as pedras supón unha continuidade, xa que non falamos dun acto singular senón dun uso privativo de xeito continuo e, coma se refire na propia resolución, con vocación de permanencia, o que implica que a orde de execución procede con independencia da data concreta do soterramento das pedras.

Independentemente do anterior, e a efectos informativos, ao estar afecta a un vial público, a superficie fóra das aliñacións pasa a ter a consideración de dotacións e polo tanto as accións tendentes a impedir os usos non autorizados nas dotacións públicas non se someten ao límite temporal establecido para a reposición da legalidade nos casos doutros tipos de solo.

En todo caso, e sentado o que precede, procede efectuar un pronunciamento en torno ás afirmacións da alegante sobre a data de soterramento das pedras. A documentación gráfica que se adxunta ás alegacións evidencia que parte das pedras que na actualidade ocupan a superficie obxecto da orde de execución efectivamente foron colocadas con anterioridade á construción do muro de peche. Isto, lonxe de outorgar automaticamente unha antigüedad "inmemorial" ao soterramento, implica que unha parte das pedras, aquelas de menor tamaño que conforman unha ringleira a todo o longo do vial, foron colocadas con



anterioridade ao final do ano 2004. E esta afirmación baséase en que a licenza para a construción do muro de peche é solicitada en data 13 de setembro de 2004, e a licenza outórgase en data 17 de xaneiro de 2005. Ademais, no expediente orixinal da solicitude de licenza, tramitado baixo o número 175/2004, figura un parte de novidades do servizo de Policía Local de data 6 de novembro de 2004 no que se indica que se levou a cabo un desprazamento á finca obxecto da orde de execución a instancias do concelleiro de obras na que se verificou que se estaba a levar a cabo o peche solicitado. Non se menciona a presenza de pedras na marxe. **En todo caso, isto indica que a colocación dunha serie de pedras pintadas tivo lugar antes de rematar o ano 2004, non en tempos inmemoriais.**

A mesma conclusión se extrae das fotografías achegadas. Unha ringleira de pedras estaba colocada con anterioridade á construción do peche, que comeza no mes de novembro de 2004. O que se pode derivar de este feito é que as pedras se colocaron con anterioridade, pero as mesmas puideron colocarse perfectamente, por exemplo, no mes de marzo de 2004, o que, a xuízo do informante, implica que adxudicar o carácter de inmemorial a tal data, ou datar a antigüidade en decenas de anos non resulta acreditado coa documentación achegada.

Estas consideracións refírense tan só á ringleira de pedras de reducidas dimensións que discorre xusto na marxe do vial na súa configuración actual. **Distinto é o caso dunha serie de pedras de dimensións máis considerables, que se sitúan de forma illada incardinándose na ringleira de pedras máis pequenas. Neste caso, non só non se xustifica a colocación e soterramento das mesmas dende tempos inmemoriais nin dende fai decenas de anos, senón que a propia documentación gráfica achegada pola alegante acredita que se colocaron con posterioridade á construción do muro de peche e que polo tanto son posteriores ao ano 2004.**

Así, na primeira das fotografías achegadas, correspondente ao estado das pedras con anterioridade á construción do muro, aparecen dúas pedras de pequenas dimensións. Na terceira das fotografías achegadas aparece a mesma porción de terreo, identificada con claridade polo rexistro da canalización con enreixado e o poste, con posterioridade á construción do muro. Pois ben, nesta fotografía aparece con claridade unha terceira pedra, de dimensións moito maiores que as restantes, pintada só parcialmente. Resulta polo tanto evidente que esta pedra se colocou con posterioridade á construción do muro e polo tanto con posterioridade ao ano 2004.

O mesmo acontece se contrastamos as fotografías quinta e sexta achegadas co escrito de alegacións. Nas mesmas aparece o mesmo tramo da superficie, a quinta fotografía antes da construción do peche e a sexta con posterioridade. Tomando coma referencia o rexistro enreixado dunha canalización que aparece en primeiro término, así coma o poste do tendido eléctrico que aparece a continuación, obsérvase que entre a situación anterior ao ano 2004 e a posterior aparecen coma mínimo tres pedras pintadas parcialmente de grandes dimensións, situadas nunha posición máis alonxada do vial respecto á ringleira de pedras pequenas, pero igualmente na superficie obxecto da orde de execución.

A aparición desta serie de pedras con posterioridade á construción do muro de peche evidencia que a conduta obstaculizadora ao uso común e xeral da superficie obxecto da orde de execución se veu reforzando con posterioridade á construción do muro de peche e polo tanto con posterioridade a que en consecuencia, e por imperativo legal, a agora alegante viñera obrigada á cesión de tal superficie fóra das aliñacións definidas polos recuados obrigatorios, e que polo tanto a devandita superficie pasase a ter o carácter dotacional e polo tanto de dominio público.

Incide a alegante a continuación na presunta ausencia de xustificación normativa da titularidade pública da superficie fóra das aliñacións conforme se expón no informe técnico. Unha vez máis remitímonos ao referido anteriormente no referente ao deber legal de cesión dos terreos fóra das aliñacións que dispón o artigo 171 da Lei 9/2002, coma fundamento do traspaso da titularidade ao se tratar de terreos afectos a viais dos que a



# Padrón

Exmo. Concello de Padrón

CIF P-1506600 D

Rúa Longa 27

15900 - Padrón (A Coruña)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfno: 981810451

Fax: 981811550

súa cesión se leva a cabo coa solicitude de licenza para a construción do peche que precisamente por tal circunstancia se recúa a catro metros o eixo do vial, quedando afecto ao mesmo e polo tanto coma integrante dunha dotación pública a superficie obxecto agora da orde de execución. Así se refire na resolución que orde a retirada das pedras nos seus fundamentos de dereito, co cal non existe ausencia de xustificación nin indefensión algunha. O informe técnico limitase a fixar cal é a superficie afectada e que as pedras se ubican na mesma.

**Cuarto.** Na correlativa das alegacións maniféstase a disconformidade coa cualificación urbanística da parcela, pretendéndose que a mesma está cualificada como solo urbano. Basea tal afirmación a alegante en que se na licenza non se lle solicitou a cesión é porque se considerou que a cualificación urbanística da parcela era distinta á de núcleo rural. Preténdese polo tanto aplicarlle o disposto na Lei 9/2002 para o solo urbano.

Non se pode acoller tal alegación. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón foi aprobado en data 9 de setembro de 1994, sen que ao día da data se tivera derogado pola promulgación dun novo planeamento. En tal planeamento, coma se refire no informe técnico municipal de data 19 de xuño de 2013, a zona obxecto da orde de execución figura baixo a denominación "NN" na cartografía e plano de zonificación, ostentando a parcela dúas cualificacións ao ter unha parte da mesma, a correspondente á zona máis alonxada da estrada, delimitada no plano de zonificación cunha liña discontinua, a cualificación de "NU".

Acudindo ao texto do Planeamento, a denominación "NN" corresponde ao tipo de solo "non urbanizable de núcleo rural de Poboación". Tal era a cualificación urbanística outorgada no ano 1994 á parcela polo planeamento. A definición da zona como núcleo rural é unha das maiores peculiaridades da lexislación urbanística galega, que responde á realidade diferenciadora que supón o fenómeno da dispersión poblacional en diversos núcleos típico da morfoloxía poblacional galega. Esta realidade se impuxo xa coa adaptación da lei do solo a Galicia de 1985 (LASGA) e a figura do solo de núcleo rural de poboación, que é recollida pola posterior Lei do Solo de Galicia de 1997, e tamén é obxecto de regulación na Lei 9/2002, LOUG, na súa sección terceira do capítulo III, sobre clases de solo, artigos 24 e seguintes. As características do solo de núcleo rural veñen referidas coma pequenos centros poboacionais de vivendas e edificacións adxectivas vencelladas ao medio rural e a actividades agropecuarias. Polo tanto teñen certos servizos urbanísticos pero non constitúen en modo algún un centro urbano nin unha malla urbana, senón que pola súa peculiaridade e condicións específicas vencelladas ao medio rural non chegan a acadar a cualificación de solo urbano, configurándose unha nova categoría co solo de núcleo rural.

Actualmente a norma de aplicación no tocante ás cualificacións urbanísticas ven sendo a lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que coma o seu propio título define non desbota nin moito menos a peculiaridade do medio rural, e unha vez máis realiza unha proliza regulación do denominado solo de núcleo rural. Debemos polo tanto aternos ao disposto nesta norma e no seu réxime transitorio para saber qué cualificación urbanística actual lle corresponde á parcela tendo en conta que o planeamento municipal é anterior á entrada en vigor da lei.

En canto á vixencia do Plan de Ordenación Municipal do Concello de Padrón do ano 1994 e o réxime de aplicación tendo en conta a entrada en vigor da LOUG, a disposición transitoria primeira da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, determina:

*"Los planes de ordenación aprobados definitivamente con anterioridad a la entrada en vigor de la presente ley **conservarán su vigencia hasta su revisión o adaptación a los preceptos de la presente ley**, con arreglo a las siguientes reglas:*

(...)

**e) Al suelo incluido en el ámbito de los núcleos rurales tradicionales delimitados al amparo de la Ley 11/1985, de adaptación de la del suelo a Galicia, en la delimitación de un núcleo rural según la Ley 1/1997, del suelo de Galicia, o en la de su área de influencia, o en la de expansión delimitada al amparo de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, se aplicará el siguiente régimen:**

**A los terrenos incluidos en la delimitación del núcleo rural, o en la de su área de influencia, o en la de expansión, que presenten un grado de consolidación por la edificación inferior al 50% de su superficie, se aplicará el régimen establecido en la presente ley para el núcleo rural común, por lo que se estará a lo dispuesto en las determinaciones contenidas en el planeamiento vigente respectivo, con las siguientes especificaciones que, en todo caso, deberán respetar las mayores limitaciones establecidas en el planeamiento respectivo: (...)**

**A los terrenos incluidos en la delimitación del núcleo rural, o en la de su área de influencia, o en la de expansión, que presenten un grado de consolidación por la edificación superior al 50% de su superficie, se aplicará el régimen establecido por la presente ley para el núcleo rural común, por lo que se estará a lo dispuesto en las determinaciones contenidas en el planeamiento vigente respectivo, con las siguientes especificaciones, que, en todo caso, deberán respetar las mayores limitaciones establecidas en el planeamiento respectivo: (...)**

Polo tanto, e tendo en conta que xa dende 1994 o terreo estaba calificado coma solo de núcleo rural, o réxime establecido pola LOUG no ano 2002 e que entrou en vigor en xaneiro de 2003 establece que o plan permanece vixente e que ao solo calificado polo mesmo coma solo de núcleo rural se lle aplicaría o disposto na LOUG para o núcleo rural común, respectando unha serie de limitacións en función do grao de consolidación pola edificación superior ou inferior ao 50% da superficie do núcleo.

A alegación realizada pretende polo tanto atribuír a unha parcela ubicada nun núcleo rural declarado como tal dende o ano 1994 a calificación de solo urbano consolidado, cuestión que cae fóra de toda lóxica dado que a realidade normativa e física indica que evidentemente nos encontramos perante un núcleo rural declarado polo planeamento, refrendado pola Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e totalmente desconectado de calquera malla urbana próxima. Sitúase a aproximadamente uns seis kilómetros da malla urbana da Vila de Padrón. De feito a propia alegante fai referencia ao artigo 11.1 da LOUGA que claramente determina coma primeiro requisito que debe cumprir un solo para calificarse coma urbano "que estén integrados en la malla urbana". O incumprimento deste primordial requisito por parte da parcela obxecto do presente procedemento é unha realidade que non resiste o mais somero análise.

É de destacar asimesmo que a alegante é perfectamente coñecedora da calificación urbanística da parcela, en data 7 de abril de 2010 solicitou unha información urbanística sobre a parcela, solicitude que foi informada polo entón arquitecto municipal en mesma data indicando a calificación coma solo non urbanizable "de núcleo rural (NN)" da zona circunscrita polas vías, e "común (NU)" na zona interior.

Procede polo tanto a desestimación da alegación presentada.

**Quinto.** Na correlativa das alegacións a dicente incide de novo en que non se requeriu por parte do Concello a cesión, e que de terse requerido é posible que se tivera desistido da mesma, insistindo nos principios de seguridade xurídica e legalidade. Coma se referiu en expositivos anteriores, o principio de legalidade e de seguridade xurídica veñen tutelados neste caso pola existencia, ao tempo de outorgamento da licenza, dunha normativa con plena vixencia que establece a obriga de cesión dos terreos destinados a vías fóra das aliñacións, obriga que en todo caso corresponde ao solicitante, sen referir obriga algunha de

